


# PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO



CEIP RAMÓN DE LA SAGRA  
A CORUÑA



## ÍNDICE

### PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

<b>1. INTRODUCCIÓN .....</b>	<b>3</b>
<b>2. MARCO LEGAL .....</b>	<b>4</b>
<b>3. O CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO .....</b>	<b>5</b>
<b>4. CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA PREDOMINANTE DO CONTORNO .....</b>	<b>8</b>
<b>5. LINGUAS A EMPREGAR NAS ÁREAS E NIVEIS .....</b>	<b>9</b>
<b>6. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA GARANTIR OS OBXECTIVOS DE FOMENTO DO PLURILINGÜISMO .....</b>	<b>11</b>
<b>7. MEDIDAS PARA ACADAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO .....</b>	<b>12</b>
<b>8. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS .....</b>	<b>14</b>
<b>9. AVALIACIÓN DO PROXECTO .....</b>	<b>15</b>
<b>10. ANEXOS .....</b>	<b>17</b>

## 1. INTRODUCCIÓN

Tal como se recolle no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o pluri-lingüismo no ensino non universitario de Galicia, as linguas constitúen un valor fundamental de cohesión na nosa comunidade. O artigo 3 da Constitución española establece, no seu punto 1º, que o castelán é a lingua oficial do Estado, e, no punto 2º, que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos, e sinala que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

O Proxecto Lingüístico do Centro (PLC) inclúese dentro da normativa que está orientada á obtención dunha competencia axeitada do galego no ensino obrigatorio, co fin de propiciar a igualdade plena e efectiva entre as dúas linguas oficiais por parte de todos os escolares, garantindo a mesma competencia entre o galego e o castelán.

O marco normativo deste PLC baséase no marco lingüístico establecido pola Constitución española de 1978 e polo Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981. Alén diso, desenvolve a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no relativo ao uso do galego no ensino nos niveis non universitarios, e a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Este curso 2023/24 elaboramos un novo PLC en base ao decreto 79/2010, do 20 de maio, cunha comisión do profesorado do centro nomeada polo equipo directivo e ouvida a Comisión de Coordinación Pedagóxica, segundo se establece no artigo 14 deste decreto.

## 2. MARCO LEGAL

O presente documento baséase na normativa vixente, tendo como principais referentes legais os seguintes:

**Lei 3/1983, do 15 de xuño**, de Normalización Lingüística.

**Decreto 150/2022, do 8 de setembro**, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

**Decreto 79/2010, do 20 de maio**, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

**Decreto 155/2022, do 15 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

**Orde 26 de maio de 2023, que desenvolve o Decreto 155/2022**, de 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade autónoma de Galicia

**Instrución** para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, após os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.

### **3. O CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO**

#### **LOCALIZACIÓN DO CENTRO**

O Ceip Ramón de la Sagra está situado no concello de A Coruña, na primeira fase do polígono de Elviña, entre os barrios das Flores e Monelos. O alumnado é procedente na súa maioría destes lugares mais o colexio escolariza nenas e nenos de Palavea e a súa contorna que se desprazan ao centro usando o bus escolar. Temos tamén alumnado migrante procedentes de distintos países, especialmente de América do Sur. O nivel socio-económico das familias é medio-baixo. Dando unha volta polo barrio pódese escoitar xente falando galego de xeito normalizado e habitual, pero decatámonos, sen embargo, que o dominio lingüístico é do castelán e na escrita domina o castelán sobre a nosa lingua.

No presente curso escolar 2023/24 realizouse unha nova enquisa para coñecer a situación sociolingüística da comunidade educativa: pais e nais, alumnado de 5º e 6º Ed. Primaria e profesorado, tirando delas os seguintes resultados:

#### **ENQUISA DE FAMILIAS.**

A enquisa foi contestada por 198 familias.

No que atinxe á lingua que se fala nas casas, a maioría das familias, un 75%, recoñece que o idioma que se utiliza exclusivamente ou principalmente é o castelán. Fronte a un 12% que afirma que é o galego o que predomina.

A impresión ao respecto do idioma usado polos seus fillos ou fillas e que case o 92% utilizan, exclusiva ou principalmente, o castelán. Só un 1% usa o galego de xeito habitual.

Á pregunta de se lle gustaría que o seu fillo ou filla recibise máis clases de galego, un 30% está completamente ou bastante de acordo e só un 9% estaría en contra desta medida. Outro 50% amósase indiferente. A maioría das familias, máis dun 60%, consideran que o galego é útil e un 64% deles considera que se debería usar máis.

## **ENQUISA DO PROFESORADO**

A enquisa foi contestada por 21 docentes dun claustro de 31.

A maioría do profesorado do centro afirma que a súa lingua de uso habitual é o castelán, 66%, e só nun 23% manifesta que predomina o uso do galego. O uso do galego e castelán indistintamente dáse nun 9,50% do profesorado.

Estas proporcións varían na docencia, na que aumenta o uso do galego, un 14% emprega só o galego, nun 19% predomina o galego, mentres que un 42% emprega o galego e o castelán por igual, sendo de 23% a porcentaxe na que predomina o castelán.

A valoración da propia capacidade para empregar o galego na docencia é alta ou moi alta, un 61%. o resto do profesorado terían unha capacidade media.

Case un 90% do profesorado amosa unha actitude favorable ou moi favorable cara á utilización do idioma galego no ámbito educativo, proporción que se repite nunha actitude favorable na normalización social do noso idioma.

As restantes cuestións tamén amosan unha actitude por parte do profesorado moi positiva cara ao galego e a súa normalización, cunha maioría porcentual moi evidente na cuestión de usar máis o galego, 95%; un 66% estaría sería favorable a facer cursos de reciclaxe.

## ENQUISA DO ALUMNADO DE 5º E 6º ED. PRIMARIA

A enquisa foi contestada pola totalidade do alumnado matriculado nestes dous niveis, 49

Esta enquisa ao alumnado pon de relevo que máis da metade aprendeu a falar exclusivamente en castelán, 60%, e só un 8% en galego o resto manifesta que en ambas linguas.

A lingua maioritaria ou predominante de uso nas familias é o castelán, cun 76%, porcentaxe que se aumenta no uso individual do alumnado, 88% e só un 2% recoñecen que usan maioritariamente o galego, aínda que nun ámbito da escola a proporción do uso do galego aumenta, chegando ao 27% os que afirman usar o galego e o castelán por igual. Sobre o incremento de máis clases en galego a maioría amósanse indiferentes, 50%, recoñecendo a utilidade do noso idioma un 60%, e estando a favor do seu uso un 64% o resto do alumnado en gran porcentaxe maniféstase indiferente.

### A SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

O uso da lingua galega dentro do colexio está totalmente normalizado, sendo a lingua vehicular para a documentación administrativa, a páxina web, carteis, comunicacións escritas ás familias...

Como norma xeral emprégase en todas as actividades extraescolares se ben, nalgunhas ocasións e de xeito xustificado, recórrase ao uso da outra lingua oficial ou outro idioma co obxectivo de potenciar o coñecemento das tres, como é o caso ao presentar un vocabulario determinado en relación a un tema ou en actuacións: cancións, representacións,... que se leven a cabo dentro das áreas de lingua española ou inglesa e, ocasionalmente, en momentos en que pesa máis o contido a traballar que a lingua en que se acha o recurso.

A **biblioteca escolar**, que está aberta nos períodos de lecer, tamén ten en conta a existencia de recursos en galego. Alén diso, hoxe en día, podemos achar numerosos libros, de lectura, de consulta, con CD,... en idioma galego, un fondo que se actualiza periodicamente.

No que atinxe á lingua de comunicación do **persoal docente** nas súas relacións coas familias do alumnado, véñse utilizando maioritariamente o galego aínda que, ás veces, se adapta ás circunstancias. Neste apartado habería que concienciar o profesorado que sexa de xeito habitual.

O **persoal non docente** utiliza ambos idiomas, se ben tamén debería concienciarse no uso habitual como canle de comunicación o galego. A **ANPA** emprega o galego como lingua na súa páxina web [ANPA RASA \(apa-rasa-ramondelasagra.es\)](http://apa-rasa-ramondelasagra.es). Nos escritos que saen do centro adoitán empregar o galego.

A lingua empregada nas actividades que xestiona a ANPA tamén depende dos monitores e monitoras, non existindo unha regulación, normativa nin instrución.

O **EDLG** está formado por membros do profesorado que representan os diferentes niveis educativos que se imparten no centro, fomentando a dinamización da lingua e participando, ao longo do curso, en actividades de todo tipo que potencian, prestixian e dinamizan o noso idioma.

#### **4. CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA PREDOMINANTE DO CONTORNO**

Atendendo ao disposto no decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, que establece que o centro determinará a lingua predominante do alumnado fíxose a enquisa aos pais e nais, alumnado de 5º e 6º de Ed. Primaria e ao profesorado.

Segundo a enquisa realizada no primeiro trimestre deste curso 2023/24, entre os tres grupos citados no parágrafo anterior, podemos determinar que a lingua maioritariamente usada por este tres grupos é o castelán.



## **5. LINGUAS A EMPREGAR NAS ÁREAS E NIVEIS**

### **TRATAMENTO DAS DISTINTAS LINGUAS**

Atendendo ao decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia e a Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües, para ter tal consideración, deberíamos reunir entre outros os seguintes requisitos:

1. Impartir en lingua estranxeira até un máximo dun terzo do horario lectivo dun grupo de alumnos e alumnas.
2. Dispor de profesorado cualificado para impartir as materias non lingüísticas en lingua estranxeira en toda a etapa.

Dende o presente curso escolar, no noso centro impártese a materia de Plástica en inglés en 1º de EP, esta implantación será progresiva se se dota ao centro do persoal necesario

### **EDUCACIÓN INFANTIL**

A lingua galega será utilizada como mínimo igual que a lingua castelá, tendo sempre en conta a lingua materna de cada neno ou nena, fomentando a adquisición progresiva da lectura e da escritura en galego, no sentido de que este se converta no idioma base da aprendizaxe, de xeito que o alumnado obteña unha competencia que lle permita comunicarse normalmente en galego co alumnado e profesorado.

A principios de curso preguntóuselle ás familias do alumnado de 3º de Ed. Infantil cal era a lingua predominante, sendo os resultados os seguintes:

Total de alumnos e alumnas matriculados: 43

Alumnado co galego como lingua predominante: 7

Alumnado co castelán como lingua predominante: 27

Alumnado co galego e castelán indistintamente: 9

Nesta etapa e, en virtude do disposto no Decreto 79/2010 e na Instrución para a aplicación deste decreto após os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre o mesmo, o profesorado emprega na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, que é o castelán, favorecendo e procurando que o alumnado adquira de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, o galego

Para dar cumprimento ao establecido no punto 4 do artigo 5º do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia en que cada centro educativo debe facer constar no seu proxecto lingüístico as actividades e estratexias de aprendizaxe empregadas para que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais, o profesorado do centro empregará a lingua galega nas seguintes actividades e estratexias de aprendizaxe:

- Na asemblea de inicio das clases, media hora diaria.
- Na materia de Ed. Musical, unha hora semanal.
- Na 4ª hora, na denominada «hora do conto».
- Nas actividades do profesorado de apoio.

## **ED. PRIMARIA**

Impartiranse en galego as seguintes materias:

En **1º**: L. Galega, Ciencias Sociais e Naturais, Ed. Física e Ed. Musical.

En **2º**: L. Galega, Ciencias Sociais e Naturais, Ed. Física e Ed. Musical.

En **3º**: L. Galega, Ciencias Sociais e Naturais, Ed. Física e Ed. Musical.

En **4º**: L. Galega, Ciencias Sociais e Naturais, Ed. Física e Ed. Musical.

En **5º**: L. Galega, Ciencias Sociais e Naturais, Plástica e Ed. Musical.

En **6º**: L. Galega, Ciencias Sociais e Naturais, Educación en valores cívicos e éticos, Plástica e Ed. musical.

## **6. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA GARANTIR OS OBXECTIVOS DE FOMENTO DO PLURILINGÜISMO E MEDIDAS PARA ACADAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO**

O CEIP Ramón de la Sagra está situado nunha contorna maioritariamente castelanfalante. O centro ten asumido o galego no seu ámbito académico e no ámbito administrativo escrito. O alumnado do centro ten a oportunidade de acceder ao ensino da lingua galega, de recibir materias en galego, de elaborar murais en galego, de realizar celebracións e eventos da nosa cultura tradicional galega e, nalgunhas ocasións, de entrar en contacto con personaxes importantes da nosa cultura.

Mais non son medidas abondas para acadar un grao de dominio igual ao do castelán por parte do alumnado, tarefa que non resulta fácil en parte porque a inmensa maioría da súa vida extraescolar vira en torno ao castelán, e dificilmente a escola pode por si soa compensar esta desigualdade de uso entre os dous idiomas.

A alumnado séntese maioritariamente capaz no uso do idioma e ten unha valoración positiva do seu uso, mais os docentes notan que o alumnado ten unha carencia no aspecto máis importante do dominio dun idioma: a fala, cunha expresión oral deficiente, en parte polo escaso uso que se fai do idioma fóra do ámbito puramente académico e que depende moito da actitude das familias.

### **Accións centradas no uso do galego (oral e escrito)**

#### **Aspectos visuais e documentais do centro:**

- Empregar o galego nos documentos de relación coas familias e co contorno social: correspondencia, boletíns de cualificacións, publicacións, comunicados ...

- Elaborar en galego toda a documentación administrativa e pedagóxica.

-Normalizar o galego nos diferentes selos empregados na vida administrativa: o oficial do centro, os rexistros de entrada e saída, da biblioteca,...

### **Fomento xeral do uso do galego**

-Darlle pulo á utilización das tecnoloxías da información e da comunicación (Tics), promovendo a súa identificación co uso do galego: programas informáticos en galego, utilización dos diversos recursos que ofrece internet, creación de weblogs colectivos, uso de chats, videoconferencias. Uso exclusivo do galego nas publicacións das Redes sociais: Instagram, X. Do mesmo xeito que nos diferentes blog do centro, en especial o de Dinamización da Lingua Galega “ En galego”

[EDLG \(edlgramondelasagra.blogspot.com\)](http://edlgramondelasagra.blogspot.com)

-Recompilar material informático que axude ao profesorado a traballar en galego: tradutores, correctores, ferramenta informática para a elaboración de recursos dispoñíbeis no Portal das Letras da Consellería de Educación:

<http://www.edu.xunta.es/contidos/portal/obradoiro.htm>.)

### **Colaboración co contorno**

Como o centro tamén distribúe material informático doutras entidades ( P. EXEMPLO a ANPA...) debemos manter contacto para solicitar que inclúan a información en galego.

### **Sobre a creación de actitudes positivas**

Organizar campañas orientadas a desaparición dos prexuízos lingüísticos. Estas campañas poderán estar destinadas ás familias, ao profesorado e ao alumnado e á contorna próxima ao centro.

## **7. MEDIDAS PARA ACADAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO.**

### **Accións centradas no uso do galego, oral e escrito**

- Ter en galego todo tipo de carteis, letreiros, avisos...
- Ter en galego a páxina web do centro e promover, por medio de diversas ligazóns, a consulta doutras páxinas de interese.

### **Usos lingüísticos cotiáns orais**

- Emprego da lingua galega por parte do profesorado nas conversacións que manteñan entre si, coas familias, co alumnado e co persoal non docente.
- Usar a lingua galega en todos os actos que organice o centro: reunións de pais e nais, festivais, conferencias..
- Usar o galego na megafonía, nas actividades extraescolares...

### **Fomento xeral do uso do galego**

- Editar en galego as publicacións do centro, tanto en soporte papel como en formato electrónico.
- Fomentar, a través de xogos e doutras actividades lúdicas, o uso do galego nas actividades informais do alumnado.
- Pór o alumnado en contacto coa realidade actual do país, mediante a realización de visitas de carácter didáctico que lle permitan coñecer a presenza da lingua na Galicia actual, sobre todo nas actividades socialmente prestixiadas e que poden ser impulsadas por organismos externos como o Concello, actividades culturais, colaboracións con universidades, etc.
- Fomentar a formación de grupos de distintos ámbitos que desenvolvan a súa actividade en galego.
- Fomentar a elaboración de vídeos ou outros recursos tecnolóxicos en galego.

## **Sobre a creación de actitudes positivas**

-Espallar unha imaxe da lingua galega centrada en argumentos modernos e vangardista. É fundamental a ligazón con todos os avances de interese que nos proporcionan as Tics.

-Realizar carteis, adhesivos, slogans,... promovendo o uso do galego en todos os ámbitos.

-Utilizar todo aquel material en galego que, alén do seu carácter informativo, contribúa a facer desaparecer os prexuízos: vídeos, cancións, películas, publicacións...

-Realizar charlas de todo tipo para promover a utilización social da lingua. Ter en galego todo tipo de difusión escrita como carteis, letreros, avisos.

Estas medidas irán dirixidas a lle dar un pulo significativo á visibilidade da lingua, a procura da adquisición dunha competencia práctica no idioma e á conformación de actitudes positivas. Trátase de acadar unha visibilidade permanente da lingua galega no centro e facendo dela unha lingua «próxima» tanto nas aulas como fóra delas.

Para iso e dentro do ámbito dos diferentes equipos do centro ( EACE, Tics, biblioteca) e das do EDLG desde o centro levamos cabo, entre outras, as seguintes actividades:

-Divulgación da música galega mediante a megafonía.

-Celebración de festas e tradicións galegas.

-Exposicións interclases de traballos e contacontos.

-Comemoración do Día de Rosalía.

-Comemoración do Día das Letras Galegas, dedicándolle a esta data a semana enteira.

-Realización de carteis informativos dentro do recinto escolar, árbores, plantas ou obxectos diversos.

-Visualización das actividades mediante a páxina web do centro.

-Revisión e actualización dos fondos da biblioteca.

## **8. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO E PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS**

Este apartado abrangue aquelas medidas de carácter organizativo e curricular que sexa preciso desenvolver no caso do alumnado que presente un déficit lingüístico ou insuficiente dominio das linguas.

O primeiro chanzo na detección de necesidades é o profesorado titor que a partir da avaliación inicial e continua, identificará as necesidades existentes e aplicará as medidas preventivas e de axuste ao seu alcance. Cando a valoración de necesidades reborde as posibilidades do profesorado este recorrerá ao Departamento de Orientación que levará a cabo a preceptiva avaliación psicopedagóxica.

A partir da detección e valoración inicial das necesidades organizaranse os apoios e establececeranse as medidas pertinentes, tanto de apoio en aula por parte do profesorado que teña horas dispoñíbeis como do profesorado de Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe se fose preciso.

Convén subliñar que no caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo o ensino desenvolverase na súa lingua materna, sen prexuízo de que progresivamente poidan aprender a segunda lingua, previa valoración individual de cada caso.

Para o alumnado estranxeiro, o Decreto 79/2010, do 20 de maio, establece que a administración elaborará un plan dirixido ao alumnado con necesidades educativas especiais, que asegure a capacitación lingüística nas linguas oficiais.

Alén diso, dispoñemos da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación en cuxos artigos 67 e 68, referidos ás medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro, establecen que o alumnado que descoñeza ambas as linguas cooficiais, poderá incluírse en grupos de adquisición das linguas a partir dos cinco anos.

Por último, tendo en conta que practicamente a totalidade do alumnado do noso centro é castelanfalante, convén destacar que o alumnado que descoñeza o castelán estará inmerso nun contexto moi favorábel para a adquisición desta lingua, polo que haberá que potenciar a súa relación co idioma galego.

## 9. AVALIACIÓN DO PROXECTO.

Segundo o artigo 14º do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, a avaliación do Proxecto Lingüístico do Centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar.

Previamente, realizarase unha valoración deste PLC na comisión de coordinación pedagóxica, e as propostas que xurdan trasladaranse á reunión do claustro de profesorado para o seu debate. As conclusións que se tiren expóranse no Consello Escolar, quen, como xa indicamos, aprobará o Proxecto Lingüístico.

Este proxecto remitiráselle, unha vez revisado e actualizado, cada catro cursos escolares ao servizo de inspección educativa.

Anualmente, elaborárase unha *addenda* do proxecto lingüístico na cal conste:

- Os resultados en Educación Infantil, da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información a respecto da lingua materna predominante entre este alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que os alumnos e alumnas adquiran de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.

- Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no seguinte curso.

Se for o caso de que haxa unha modificación á hora de impartir materias, informarase sobre as mudanzas aprobadas polo centro e autorizadas pola consellería competente en materia de educación.



## 10. ANEXOS

- Cuestionario para o profesorado.
- Cuestionario para as familias
- Cuestionario para o alumnado de 5º e 6º Ed. Primaria.

## **ENQUISA PARA COÑECER A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO PROFESORADO**

Esta enquisa pretende coñecer a situación lingüística do profesorado do centro co aquel de facer a planificación lingüística tal como se establece no decreto 79/2010, de 20 de maio (DOG de 25 de maio de 2010).

Moitas grazas pola vosa colaboración.

Asdo. Francisco Mourelo Barreiro  
Director

### **QUE LINGUA EMPREGAS HABITUALMENTE?**

- 1.- Só castelán **14,28%**
- 2.- Predomina o castelán **52,40%**
- 3.- Castelán e galego por igual **9,50%**
- 4.- Predomina o galego **4,47%**
- 5.- Só galego **19,04%**

### **QUE LINGUA EMPREGAS HABITUALMENTE NO CENTRO EDUCATIVO?**

- 1.- Só castelán **0,0%**
- 2.- Predomina o castelán **23,80%**
- 3.- Castelán e galego por igual **42,05%**
- 4.- Predomina o galego **19,04%**
- 5.- Só galego **14,28%**

### **QUE CAPACIDADE TES PARA EMPREGAR O GALEGO NA DOCENCIA?**

- 1.- Moi baixa **0%**
- 2.- Baixa **0%**
- 3.- Media **38,09%**
- 4.- Alta **38,09%**
- 5.- Moi alta **23,80%**

## **DISPOSICIÓN PARA FACER CURSOS DE RECICLAXE DE GALEGO**

- 1.- Ningunha **9,52%**
- 2.- Pouca **14,28%**
- 3.- Moderada **9,52%**
- 4.- Boa **33,33%**
- 5.- Plena **33,33%**

## **ACTITUDE CARA Á UTILIZACIÓN DO GALEGO NO ÁMBITO EDUCATIVO**

- 1.- Moi desfavorábel **0%**
- 2.- Desfavorábel **0%**
- 3.- Indiferente **9,52%**
- 4.- Favorable **33,33%**
- 5.- Moi favorable **57,14%**

## **ACTITUDE CARA Á NORMALIZACIÓN SOCIAL DO IDIOMA GALEGO**

- 1.- Moi desfavorable **0%**
- 2.- Desfavorable **0%**
- 3.- Indiferente **4,75%**
- 4.- Favorable **38,09%**
- 5.- Moi favorable, **14%**

## **EN GALICIA DEBE USARSE MÁIS O GALEGO**

- 1.- Completamente en desacordo **0%**
- 2.- Bastante en desacordo **0%**
- 3.- Indiferente **4,75%**
- 4.- Bastante de acordo **38,09%**
- 5.- Completamente de acordo **57,14%**

### **A ADQUISICIÓN DE VARIAS LINGUAS ENRIQUECE**

- 1.- Completamente en desacordo **0%**
- 2.- Bastante en desacordo **4,75%**
- 3.- Indiferente **14,28%**
- 4.- Bastante de acordo **23,80%**
- 5.- Completamente de acordo **57,14%**

### **O USO DO GALEGO ESTABLECIDO NA LEXISLACIÓN É EXCESIVO**

- 1.- Completamente de acordo **0%**
- 2.- Bastante de acordo **4,75%**
- 3.- Indiferente **14,28%**
- 4.- Bastante en desacordo **23,80%**
- 5.- Completamente en desacordo **57,14%**

### **O ENSINO EN GALEGO AXUDA A AUMENTAR O SEU PRESTIXIO SOCIAL**

- 1.- Completamente en desacordo **2,7%**
- 2.- Bastante en desacordo **0%**
- 3.- Indiferente **19,04%**
- 4.- Bastante de acordo **28,57%**
- 5.- Completamente de acordo **52,38%**

### **O GALEGO É UNHA LINGUA AXEITADA PARA OS VIDEOXOGOS**

- 1.- Completamente en desacordo **0%**
- 2.- Bastante en desacordo **0%**
- 3.- Indiferente **9,52%**
- 4.- Bastante de acordo **23,80%**
- 5.- Completamente de acordo **66,66%**

## **A LINGUA GALEGA DEBE SER FOMENTADA SOCIALMENTE**

- 1.- Completamente en desacordo **0%**
- 2.- Bastante en desacordo **0%**
- 3.- Indiferente **4,75%**
- 4.- Bastante de acordo **19,04%**
- 5.- Completamente de acordo **76,10%**

## **ENQUISA PARA COÑECER A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DAS FAMILIAS DO ALUMNADO DE INFANTIL E PRIMARIA**

Esta enquisa pretende coñecer a situación lingüística do alumnado de infantil e primaria do centro co aquel de facer a planificación lingüística tal como se establece no decreto 79/2010, de 20 de maio (DOG de 25 de maio de 2010).

Moitas grazas pola súa colaboración.

Asdo. Francisco Mourelo Barreiro  
Director

### **CURSO DO FILLO OU FILLA**

- 1.- INFANTIL **32,65%**
- 2.- PRIMEIRO E SEGUNDO DE PRIMARIA **31,63%**
- 3.- TERCEIRO E CUARTO DE PRIMARIA **28,57%**
- 4.- VARIOS **7,14%**

### **LINGUA EN QUE APRENDEU A FALAR O NENO OU NENA**

- 1.- En castelán **68,25%**
- 2.- En galego **10,05%**
- 3.- Nas dúas **21,68%**
- 4.- Noutra lingua **0%**

### **QUE LINGUA SE FALA HABITUALMENTE NA CASA?**

- 1.- Só castelán **35,07%**
- 2.- Predomina o castelán **40,83%**
- 3.- Castelán e galego por igual **9,42%**
- 4.- Predomina o galego **6,80%**
- 5.- Só galego **6,80%**
- 6.- Outra **0,52%**

### **QUE LINGUA FALA O SEU FILLO OU FILLA?**

- 1.- Só castelán **54,08%**
- 2.- Predomina o castelán **38,26%**
- 3.- Castelán e galego por igual **3,06%**
- 4.- Predomina o galego **2,55%**
- 5.- Só galego **1,02%**
- 6.- Outra **1,02%**

### **Valore os seguintes enunciados xenéricos.**

#### **O GALEGO É UNHA LINGUA AXEITADA PARA OS VIDEOXOGOS**

- 1.- Completamente en desacordo **6,12%**
- 2.- Bastante en desacordo **7,14%**
- 3.- Indiferente **41,83%**
- 4.- Bastante de acordo **19,89%**
- 5.- Completamente de acordo **25%**

#### **A ADQUISICIÓN DE DÚAS OU MÁIS LINGUAS ENRIQUECE**

- 1.- Completamente en desacordo **3,07%**
- 2.- Bastante en desacordo **0,51%**
- 3.- Indiferente **1,02%**
- 4.- Bastante de acordo **12,30%**
- 5.- Completamente de acordo **83,07%**

#### **GUSTARÍANOS QUE O NOSO FILLO RECIBISE MÁIS CLASES EN GALEGO**

- 1.- Completamente en desacordo **8,67%**
- 2.- Bastante en desacordo **7,14%**
- 3.- Indiferente **22,95%**
- 4.- Bastante de acordo **20,91%**
- 5.- Completamente de acordo **40,81%**

## **EN GALICIA O GALEGO É POUCO ÚTIL**

- 1.- Completamente de acordo **2,55%**
- 2.- Bastante de acordo **3,57%**
- 3.- Indiferente **13,26%**
- 4.- Bastante en desacordo **22,44%**
- 5.- Completamente en desacordo **5,16%**

## **EN GALICIA DEBERÍA USARSE MÁIS O GALEGO**

- 1.- Completamente en desacordo **2,04%**
- 2.- Bastante en desacordo **4,08%**
- 3.- Indiferente **18,57%**
- 4.- Bastante de acordo **19,89%**
- 5.- Completamente de acordo **55,10%**



## **ENQUISA PARA COÑECER A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO DE 5º E 6º DE ED. PRIMARIA**

Esta enquisa pretende coñecer a situación lingüística do alumnado de 5º e 6º de Ed. Primaria do centro co aquel de facer a planificación lingüística tal como se establece no decreto 79/2010, de 20 de maio (DOG de 25 de maio de 2010).

Moitas grazas pola vosa colaboración.

Asdo. Francisco Mourelo Barreiro  
Director

### **CURSO**

1. QUINTO **50%**

2.- SEXTO **50%**

### **EN QUE LINGUA APRENDICHES A FALAR?**

1.- En castelán **60,20%**

2.- En galego **8,16%**

3.- Nas dúas **31,63%**

4.- Noutra ou outras **0%**

### **QUE LINGUA SE FALA HABITUALMENTE NA TÚA CASA?**

1.- Só castelán **42,26%**

2.- Predomina o castelán **34,02%**

3.- Castelán e galego por igual **16,49%**

4.- Predomina o galego **2,06%**

5.- Só galego **5,15%**

6.- Outra **0%**

### **QUE LINGUA USAS HABITUALMENTE?**

- 1.- Só castelán **51,10%**
- 2.- Predomina o castelán **37,02%**
- 3.- Castelán e galego por igual **16,49%**
- 4.- Predomina o galego **2,06%**
- 5.- Só galego **2,04%**
- 6.- Outra **0%**

### **QUE LINGUA USAS HABITUALMENTE NA ESCOLA?**

- 1.- Só castelán **29,89%**
- 2.- Predomina o castelán **39,17%**
- 3.- Castelán e galego por igual **27,83%**
- 4.- Predomina o galego **1,03%**
- 5.- Só galego **2,06%**
- 6.- Outra **0,0%**

### **Valora os seguintes enunciados xenéricos.**

#### **O GALEGO É UNHA LINGUA AXEITADA PARA OS VIDEOXOGOS**

- 1.- Completamente en desacordo **12,37%**
- 2.- Bastante en desacordo **7,21%**
- 3.- Indiferente **51,54%**
- 4.- Bastante de acordo **17,52%**
- 5.- Completamente de acordo **11,34%**

## **A ADQUISICIÓN DE DÚAS OU MÁIS LINGUAS ENRIQUECE**

- 1.- Completamente en desacordo **4,08%**
- 2.- Bastante en desacordo **1,02%**
- 3.- Indiferente **14,28%**
- 4.- Bastante de acordo **36,73%**
- 5.- Completamente de acordo **43,89%**

## **GUSTARÍAME RECIBIR MÁIS CLASES EN GALEGO**

- 1.- Completamente en desacordo **9,27%**
- 2.- Bastante en desacordo **10,30%**
- 3.- Indiferente **50,51%**
- 4.- Bastante de acordo **17,52%**
- 5.- Completamente de acordo **12,37%**

## **EN GALICIA O GALEGO É POUCO ÚTIL**

- 1.- Completamente de acordo **11,45%**
- 2.- Bastante de acordo **7,29%**
- 3.- Indiferente **20,83%**
- 4.- Bastante en desacordo **23,95%**
- 5.- Completamente en desacordo **36,45%**

## **EN GALICIA DEBERÍA USARSE MÁIS O GALEGO**

- 1.- Completamente en desacordo **2,04%**
- 2.- Bastante en desacordo **1,02%**
- 3.- Indiferente **32,65%**
- 4.- Bastante de acordo **19,38%**
- 5.- Completamente de acordo **44,89%**